

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 15 DE NOVEMBRO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día quince de novembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa don Juan González Leirós.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

O Sr. alcalde explica que, tal e como consta na resolución de convocatoria desta sesión extraordinaria e urxente, a urxencia da convocatoria vén xustificada por:

- O expediente de contratación remitido a esta Alcaldía correspondente á adxudicación da subministración de materiais gráficos e merchandising da campaña de prevención contra a violencia machista "En negro contra as violencias: Cambre en negro", a prol do licitador Imago Publicidad y Producciones, S.L., no prezo ofertado total para unha anualidade de 5.175,13 euros sen IVE, 6.261,90 euros IVE incluído. Expte: 2019/C005/000007.

- A citada subministración ten que estar adxudicada antes do día 18 de novembro de 2019.

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º.- Expedientes de contratación

Único. Proposta de adxudicación da Suministración de materiais gráficos e merchandising da campaña de prevención contra a violencia machista “En negro contra as violencias: Cambre en negro”, a prol do licitador Imago Publicidad y Producciones, S.L., no prezo ofertado total para unha anualidade de 5.175,13 euros sen IVE, 6.261,90 euros IVE incluído. Expte: 2019/C005/000007

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de novembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C005/000007 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación : factor prezo), da subministración de materiais gráficos e merchandising da campaña de prevención contra a violencia machista “En negro contra as violencias: Cambre en negro”, cun orzamento base de licitación para unha anualidade de 8.349 € e 16.698 euros IVE incluído para dúas anualidades.

Vista a valoración das ofertas presentadas, consonte ao criterio contemplado na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa) e que consta na Acta do órgano de asistencia de data 24 de outubro de 2019, así como a proposta de adxudicación efectuada polo órgano de asistencia segundo Acta do día 5 de novembro de 2019 a prol do licitador “Imago Publicidad y Producciones, S.L.” nos prezos unitarios ofertados que supoñen un prazo total anual de 5.175,13 euros sen IVE, 6.261,90 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do único criterio de adxudicación (oferta económica) que consta na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, toda vez que xustificou suficientemente a súa oferta, inicialmente incurso en presunción de ser anormalmente baixa, esto segundo consta na Acta do órgano de asistencia do día 24 de outubro actual, e segundo informe emitido polo educador social municipal con data 5 de novembro 2019, ratificado polo órgano de asistencia constituído no presente procedemento, en sesión celebrada na mesma data.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, segundo informe do educador social municipal de data 13 de novembro de 2019.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 14 de novembro de 2019, que contén a proposta de

acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 358/2019 emitido polo interventor municipal con data do 14 de novembro actual.

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: De conformidade coa proposta formulada con data 24 de outubro de 2019 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente:

- Futures Infografía, S.L.
- Grupo Camaleón Creativos, S.L.
- Imago Publicidad y Producciones, S.L.
- Ovejero Sequeiro, S.L.

Segundo: Tendo en conta a cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente contrato, en consonancia co Anexo II do referido Prego no seu apartado nº 9, (o cal constitúe lei reguladora do contrato que os licitadores declaran coñecer e aceptar), así como o establecido no art. 159.4 da LCSP, en relación coa Disposición transitoria Tercera da LCSP, que esixe a inscrición dos licitadores que participen no procedemento aberto simplificado nos Rexistros estatal ou autonómico na data final de presentación das ofertas, obriga legal respecto da que non cabe decisión ningunha aos órganos de contratación e que todos os licitadores que presentan propostas a partir do 9 de setembro de 2018 deben cumprir, segundo pronunciamento de, entre outras, a Junta Consultiva da Comunidade de Aragón no seu informe nº 20/2018 de 3 de setembro, acórdase excluír as ofertas presentadas polas entidades que seguidamente se relacionan, ao non atoparse, na data final de presentación de ofertas (22 de outubro de 2019) inscritos en ningún dos Rexistros contemplados no art. 159.4 da LCSP, sendo obligatoria a inscrición a efectos de participar en procedementos abertos simplificados a partir do 9 de setembro de 2018 e atopándose dita obriga expresamente contemplada na cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente contrato :

- Antonio Huerta Rubio
- Barbeito y López, S.C.
- Rosa María Chaves Miranda

Terceiro: Excluir a oferta presentada pola empresa “Coartegift Regalos Publicitarios S.L.”, por adolecer de omisión que impide coñecer o seu contido, e non axustarse ao establecido para a presentación das ofertas polo prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, ao terse presentado a oferta económica establecida no Anexo III do prego administrativo sen cubrir, non sendo subsanable en ningún caso a oferta económica presentada polos licitadores, todo isto de conformidade co establecido nas cláusulas 14.2 e 15.1 do PCAP, e art. 139.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Cuarto: De acodo co establecido na cláusula 14.2 do prego administrativo, na que, en concordancia co establecido no art. 84 do Reglamento de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas aprobado por RD 1098/2001 de 12 de octubre, establécese que *“si alguna proposición no guardase concordancia con la documentación examinada y admitida, excediese del presupuesto base de licitación (...) podrá ser desechada mediante resolución motivada”*, rexeitar as ofertas presentadas polos seguintes licitadores, por exceder o orzamento base de licitación nalgún/s dos prezos unitarios establecidos nas súas ofertas, isto tendo en conta que a determinación do prezo no presente expediente establécese por prezos unitarios, e non a tanto alzado, como así se deriva, tanto do desglose orzamentario que aparece na cláusula 5 do PCAP e cláusula terceira do PPT, como no propio modelo de proposición establecido no Anexo III do PCAP :

- a. “Reclam Publicidad Marketing y Artes Gráficas, S.A.U.”, por exceder na súa oferta os seguintes prezos unitarios:
 - i. Cartel Cartón, onde ofrece un prezo unitario de 7,63 euros cando o prezo unitario de licitación é de 1,25 euros
 - ii. Camisetas, onde ofrece un prezo unitario de 3,02 euros cando o prezo unitario de licitación é de 3,00 euros
 - iii. Mandiles, onde ofrece un prezo unitario de 2,93 euros cando o prezo unitario de licitación é de 1,5 euros

- b. “Zona límite Castellón,S.L.” por exceder na súa oferta os seguintes prezos unitarios:
 - i. Lonas 1000 x 2000 roll up, onde ofrece un prezo unitario de 120 euros cando o prezo unitario de licitación é de 100 euros

Quinto: Inadmitir as dúas ofertas presentadas electrónicamente o mesmo día 15/10/2019 ás 17:09 e 17:53 horas pola empresa “Davinchi Publicidad y Diseño, S.L.”, en virtude do establecido na cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente expediente, e art. 139.3 da Lei 9/2017, que determinan que cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, e tampouco poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros empresarios se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal, de modo que a infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas.

Sexto: Aprobar, de acordo coa proposta do órgano de asistencia que consta no informe de apertura e valoración de ofertas de data 24 de outubro de 2019, a seguinte valoración das

proposicións presentadas na súa correspondente orde decrecente, así como o límite para o cálculo de posibles ofertas anormalmente baixas, que queda establecido naquelas inferiores ao prezo anual de 6.342,16 euros :

Empresa	Puntos
Imago Publicidad y Producciones, S.L	100
Ovejero Sequeiro, S.L.	89,10
Grupo Camaleón Creativos, S.L.	88,24
Futures Infografía, S.L.	75,69

Sétimo: De conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data do 24 de outubro de 2019, posteriormente ratificada o día 5 de novembro de 2019, adjudicar a Subministración de materiais gráficos e merchandising da campaña de prevención contra a violencia machista "En negro contra as violencias: Cambre en negro", á empresa "Imago Publicidad y Producciones, S.L.", con NIF B39612163 e domicilio en rúa Garely de la Cámara 2 entresollado – 39770 Laredo (Cantabria), nos prezos unitarios que seguidamente se relacionan, que supoñen un prezo total anual de 5.175,13 € sen IVA, 6.261,90 € IVA incluído, por ser a entidade mellor valorada de acordo co único criterio de adjudicación que consta na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (factor prezo) e xustificar suficientemente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de ser oferta anormalmente baixa.

Os prezos unitarios de adjudicación son os seguintes, segundo oferta presentada :

Concepto	Cantidad	Precio Unitario	Importe sin IVA	IVA	Importe con IVA
Lona 1000x1000	1	30 €	30 €	21%	36,30 €
Lona 1250x1250	1	48,75 €	48,75 €	21%	58,99 €
Lona 600x1000	1	22,50 €	22,50 €	21%	27,22 €
Lona 1500x3500	1	127,50€	127,50 €	21%	154,27 €
Lonas 1000x2000 roll up	2	75 €	150 €	21%	181,50 €
Vinilo suelo	1	187,50 €	187,50 €	21%	226,88 €
Identificador Vi	200	0,75 €	150 €	21%	181,50 €
Cartel Cartón	50	0,94 €	47 €	21%	56,87 €
Cartelería	550	0,75 €	412,50 €	21%	499,12 €
Camisetas	1500	2,25 €	3.375 €	21%	4.083,75 €
Pulseras	4000	0,127969 €	511,88 €	21%	619,37 €
Mandiles	100	1,125 €	112,50 €	21%	136,13
	TOTAL		5.175,13 €		6.261,90€

Oitavo: De conformidade co establecido na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, por

atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

Noveno: Nomear como responsable do contrato ao educador social municipal, de conformidade co establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis no artigo 62.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Décimo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Décimo Primeiro: Notifíquese ao responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Óscar A. Garcia Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia